

INSTRUCCIÓN XERENCIAL 5/2022, DO 8 DE XUÑO POLA QUE SE FLEXIBILIZAN OS PROCESOS ADMINISTRATIVOS DE XESTIÓN DE GASTOS POR ASISTENCIA A CONGRESOS INTERNACIONAIS E XUSTIFICANTES DAS INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO NA UNIVERSIDADE DE VIGO

1.- Antecedentes

1.1- Congresos internacionais

Tendo en conta a dificultade para conseguir xustificantes que cumpran coa legalidade das facturas, na Universidade de Vigo esta establecido que os gastos de menos de 100,00€ (cen euros) teñan a consideración contable e orzamentaria de pequenos gastos. Para a súa correcta contabilización definíronse dous códigos de identificación o código 99999920Z para os pequenos gastos que se fagan dentro do territorio nacional, e o código X6669770T para os pequenos gastos que se fagan no estranxeiros pola asistencia a congresos de investigación.

Considéranse pequenos gastos ou tickets aqueles gastos que non teñen a formato ou consideración de factura (de acordo co Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación), é dicir aqueles documentos de gasto que:

- a) -non teñen os datos completos do provedor (dirección fiscal, denominación fiscal,...)
- b) -non teñen os datos fiscais completos da Universidade de Vigo.
- c) -non teñen detalladas as bases impositibles, as cuotas do IVE,...

Para todos este gastos nas ferramentas auxiliares de xestión orzamentaria definiuse un novo tipo de xustificante, o TICKET e LIQUIDACIÓN SEN FACTURA INSCRICIÓN CONGRESOS.

1.2- Outros gastos en indemnizacións por razón de servizo ou tickets

Nalgúns ámbitos no caso de solicitar o reembolso dun gasto a través da opción doutros gastos no aplicativo de indemnización por razón de servizo (dietas), as unidades económicas e de apoio estaban a solicitar en todos os casos os xustificantes documentais do cargo en conta dos tickets ou gastos presentados.

2.- Gastos por asistencia a congresos internacionais

Unha vez que a Universidade ten acotado, nas ferramentas auxiliares de xestión orzamentaria o tipo de gasto que se pode realizar, e a forma de identificación dos terceiros provedores da Universidade, obsérvase que existen moitas dificultades para identificar correctamente as empresas ou entidades que organizan os congresos de investigación no estranxeiro. Para intentar paliar esta dificultade e permitir a contabilización e imputación orzamentaria dos gastos de asistencia a congresos internacionais, establécese o seguinte modo de proceder:

2.1- Cotas de asistencia con importe inferior a 400,00€

Naqueles casos nos que o importe total da factura, ou certificado de ingreso, polos gastos asociados á asistencia a un congreso internacional sexa inferior a 400,00€ poderase:

-Registrar o xustificante estranxeiro contra o terceiro da factura si o terceiro xa está dado de alta na Universidade de Vigo.

-Registrar o xustificante estranxeiro contra o terceiro CONGRESOS INTERNACIONAIS IDENTIFICADO CO CIF . X6669770T

2.2- Cotas de asistencia con importes iguais ou superiores a 400,00€ e inferiores ou iguais a 1.000,00€

Nestes casos, unha vez intentado de xeito fidedigna a alta do terceiro sen éxito, poderase solicitar unha compensación por suplido a través do aplicativo de Indemnización por razón de servizo ou Dietas. Neste suposto, o interesado deberá anticipar do seu peto o

importe da inscrición e solicitar posteriormente a través dunha dieta a compensación dos gastos. Para elo haberá que cumprimentar unha dieta e na pestana de detalle solicitar o gasto mediante a opción OUTROS GASTOS. Neste apartado haberá que presentar o resgardo da inscrición ao congreso ou documento equivalente, así coma o xustificante de pago da mesma (pantallazo da banca electrónica, extracto,...).

2.3- Cotas de asistencia con importes superiores a 1.000,00€

Nestes casos será obrigatorio que o terceiro estea dado de alta como empresa provedora definitiva da Universidade de Vigo. Para elo hai antes de realizala inscrición comprobar que o terceiro é empresa provedora da Universidade de Vigo, posto que non se poderán rexistrar, contabilizar nin pagar facturas de empresas estranxeiras sen este requisito.

Os documentos válidos para dar de alta a unha empresa provedora serán: a copia do CIF, VAT, número de seguridade social, copia DNI, carné de conducir ou calquera documento oficial no país de orixe da empresa provedora que sexa válido para identificar correctamente ao terceiro.

2.4- Cotas de asistencia con empresa intermediaria

En calquera das tres situacións anteriores, será posible a facturación do mesmo a través dunha empresa intermediaria que xestione a inscrición, coma pode ser unha axencia de viaxes que sí poida facturar.

As xestións necesarias para solicitar tanto a inscrición a congresos coma a liquidación dos gastos serán realizadas polas unidades de apoio á investigación e a centros e departamentos (segundo a aplicación orzamentaria que soporte o gasto) ou do interesado segundo este manifieste.

3.- Xustificantes de pago relacionados con gastos derivados de dietas ou indemnizacións por razón de servizo

A) No caso de solicitar a compensación de gastos por dietas ou indemnizacións por razón de servizo ou tickets, non será preciso adxuntar o xustificante do pago (pantallazo da conta corrente, extracto ou similar) sempre que:

- o ticket ou factura indique que foi pagado mediante tarxeta.
- o ticket ou factura poña claramente pagado.
- o ticket unicamente sexa emitido cando foi pagado (exemplo peaxes)
- o ticket sexa inferior a 100€.

Nos restantes casos haberá que presentar xustificación documental de que o gasto estea pago.

B) Para acudir a un congreso, a nivel de xestión económica, unicamente será precisa a autorización da comisión de servizo (a través da solicitude de comisión de servizo do aplicativo informático) sen necesitar ningunha autorización a maiores (antiga autorización para asistir a congresos).

4.-Xustificación de gastos de comidas

No caso de gastos de comidas ou pequeno material promocional por importes inferiores a 300€ (contados por cada actividade ou aplicación orzamentaria e exercicio económico) contratadas ao amparo do artigo 83 da LOU ou doutro financiamento **non finalista**, unicamente haberá que xustificar que "o motivo do gasto está relacionado co establecemento de lazos comerciais habituais para a consecución de novos contratos ou clientes". Esta frase haberá que incluíla no campo de motivación da necesidade do pedido ou observacións noutro tipo de xustificantes.

5.-Autorizacións vehículo particular

Non será preciso solicitar a autorización para utilizar o vehículo particular nos seguintes casos:

- que o período entre a saída e a chegada sexa inferior a 24 horas.
- que se utilice para desprazarse dende ou hasta estación de autobús, ferrocarril ou aeroporto sempre que sexa algún dos aeroportos de Galicia ou o de O Porto.
- cando a comisión de servizo sexa itinerante e se realice en distintas localidades.

6.-Disposición Final

A presente instrución complementa á instrución do 4 de maio de 2018 pola que se regula o proceso administrativo de xestión de gastos por asistencia a Congresos internacionais na Universidade de Vigo

Vigo, 8 de xuño de 2022

A xerenta,

Raquel M. Souto García

(documento asinado dixitalmente)